

Creación


Poesía

Xosé GALÁN

Imaxina a espuma dun soño
imposible,
dunhas mans alleas
á conquista do teu corpo.
O sentinela,
consciente do tento
venenoso do silencio,
quizais fuxido dende a noite
azul tinguida de mar,
agrádame para amosar os
posíbeis camiños de papel,
non sente inapaciencia.
Era o poema sementado nunhas
poucas palabras,
a única chave para entrar en ti e
percorrerte.

Memoria

Unha muller louca rele as cartas dun primeiro
amante,
busca esa palabra nunca escrita nun papel
amarelecido,
xorde un silencio (que deixa de soar) e atravesa a fiestra
para limpar todo o seu rastro de dor.
Nun arrabalde do destino alguén fai memoria
de si mesmo,
coma se o mundo for unha lámina de
néboa,
pero non pode lembrar porque en realidade
está morto e os mortos agóchanse nos nenos.
Soubemos de tempos onde a soidade sabía a
herba
e nós eramos un segredo que non precisaba
ningunha sílaba.

*Xosé Galán**Poesía*

Axiña souben como o poema
seduce e quita a morte
mentres o sol nocturno desfai
xogos de invernía.
E logo a neve semella a pegada limpa
dun tempo esgotado.
Sóubeno mesmo despois de saltar ao baleiro
e nin tan sequera iso fíxo por maquillar
a dor deitada na memoria.

* * * *

Canso da morte xa,
abonda con escoitar os nenos
cando murmuran unha canción e
remexe un vento antigo,
moita dor cuspe o destino
para sinalar o rictus correcto
do sacrificio.
Abonda xa de espuma negra,
non bebas o seu sangue anque
estoure o mundo en loucura
finxida,
deixen os beizos de nomear
o cego anque non vexa.
Para afogar a morte serve
unicamente a vida,
frechas incertas molladas de vida,
disfrázase de distancia a sabedoría
do vagamundo,
o esquecemento fire tan dentro
coma calquera escusa.